

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Aprendizaxe da lingua estranxeira: Inglés				
Materia	Aprendizaxe da lingua estranxeira: Inglés			
Código	P02G110V01501			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rosende Pérez, Aida			
Profesorado	Rosende Pérez, Aida			
Correo-e	aida.rosende@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Materia centrada na adquisición de competencias no ensino dunha lingua estranxeira no ámbito da educación infantil, tomando como exemplo a lingua inglesa			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes

B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C37	Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
C42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C61	Controlar e facer o seguimiento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B7 B9 B11 B12	C42 C43 C51 C53 C61	D1 D3 D4 D6 D8 D11 D12 D14
2. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelo entre o alumnado.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B7 B9 B11 B12	C42 C43 C51 C53 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D7 D8 D9 D11 D13 D14 D15 D17 D19

3. Abordar con eficacia situación de aprendizaxe das linguas en contextos multiculturales e plurilingües		B7 B10 B11	C37 C42 C43 C51 C53 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
4. Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero eol respecto dos dereitos humanos que conformen os valores da formación ciudadá.		B2 B3 B4 B5 B10	C37	D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D17 D18
5. Comprender os espazos básicos das ciencias da linguaxe e da comunicación.	A3		C42	D1 D2 D3 D4 D6 D9 D12 D13 D15 D19
6. Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos axeitados e promover as competencias correspondentes nos estudiantes.		B2 B3	C42 C43 C51 C53	D1 D2 D3 D4 D6 D13 D15
7. Comprender os principios básicos da lingua como comunicación.			C42 C51 C53	D1 D2 D3 D4 D6 D9 D12 D13 D14 D15 D19
8. Manexar os conceptos básicos do enfoque comunicativo por tarefas e competencias.		B2 B3 B7 B11	C42 C53	D1 D2 D4 D6 D9 D11 D12 D13 D19

9. Diferenciar entre competencias lingüísticas, socioculturais e pragmáticas.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B10	C42 C43 C53	D1 D3 D4 D6 D10 D11 D12 D13 D19
10. Diferenciar entre as actividades comunicativas (interacción oral, expresión oral e comprensión oral) adecuadas ao nivel B1 do Marco Europeo Común de Referencia para a Aprendizaxe das Linguas (MECR).	A3 A4 A5		C37 C43	D1 D3 D4 D7 D11 D12 D13 D19
11. Ser capaz de preparar e aplicar unha unidade didáctica.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B11 B12	C42 C43 C51 C53 C61	D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22
12. Ser capaz de levar a cabo distintos tipos de avaliación.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B7 B9 B11 B12	C42 C43 C51 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D13 D14 D15 D19 D21
13. Coñecer o currículo da lingua estranxeira na Educación Infantil.	A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C42 C43 C51 C53 C61	D1 D3 D4 D13 D14 D15 D21
14. Identificar os tipos de actividades comunicativas (interacción oral, expresión oral e comprensión oral) no ámbito persoal.				D1 D2 D3 D4 D11 D12 D13 D19

Contidos	
Tema	
1. Modelo teórico da lingua como comunicación: as achegas orientadas á acción.	1a. As variables do ensino das linguas estranxeiras na educación infantil: idade, lingua inicial, contexto sociocultural, necesidades e obxectivos. 1b. O inglés como lingua estranxeira. 1c. Metodoloxías no ensino das linguas estranxeiras.
2. Enfoque didáctico por tarefas e competencias.	2a. O Marco Europeo Común de Referencia para as linguas (MECR).
3. Currículo de linguas estranxeiras.	3a. O nivel A1 do MECR en educación infantil: obxectivos, contidos e competencias. 3b. O DCB de Educación Infantil e a aprendizaxe das linguas estranxeiras.
4. Elaboración de unidades didácticas.	4a. Actividades para traballar as competencias lingüísticas en lingua estranxeira en Educación Infantil. 4b. A escolla de materiais para traballar na aula: documentos pedagogizados e documentos auténticos. 4c. Cancións, contos e xogos na clase de inglés de Educación Infantil. 4d. Temporalización de obxectivos, contidos e actividades.
5. Métodos de avaliación global e analítica.	5a. A avaliación das competencias lingüísticas na Educación Infantil.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	16.5	24.5
Traballo tutelado	10	16	26
Aprendizaxe baseado en proxectos	22.5	20	42.5
Simulación ou Role Playing	6	25	31
Presentación	4	20	24
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Na primeira sesión a profesora introducirá a materia, explicará a dinámica de traballo e metodoloxía a seguir, explicará as distintas probas e tipos de avaliación, e organizará os grupos de traballo para o proxecto a desenvolver ao longo do curso.
Lección maxistral	As sesións maxistrais desenvolveranse con toda a clase, nas horas de grupo A. Nelas a profesora introducirá os principais contidos teóricos e conceptos esenciais dos diferentes puntos indicados nos contidos da materia.
Traballo tutelado	A profesora e o alumnado traballarán conxuntamente en actividades que favorezan a adquisición de coñecementos teóricos e principios metodolóxicos de xeito práctico. Analizaranse materiais e actividades e se realizarán propostas de mellora e/ou deseño dos primeiros, e deseño e/ou posta en práctica das segundas.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Ao longo do curso, o alumnado deberá elaborar un proxecto que se deberá presentar primeiro por escrito e despois se levará a cabo oralmente nas datas indicadas no inicio do curso. O proxecto será de carácter grupal e nel o alumnado deberá aplicar a teoría e metodoloxía aprendidas ao deseño e implementación práctica (simulación) dunha breve unidade didáctica para a que deberán elexir un dos temas propostos pola profesora. As instrucións para a realización deste traballo (tanto para a súa versión escrita como para a súa representación oral na aula) estarán detalladas na plataforma de aprendizaxe, e serán explicadas pola profesora ao inicio do curso. Nas aulas a profesora guiará o alumnado para a execución destes proxectos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	En tódalas sesións do curso a profesora adicará tempo para atender e resolver as dúbidas do alumnado en relación aos aspectos teóricos e principios metodolóxicos a traballar nesta materia. Ademais, a atención personalizada realizarase durante o horario de titorías que a profesora detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar previamente unha cita ca profesora dentro deste horario e a través do correo electrónico. A profesora non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido.

Traballo tutelado	En tódalas sesións do curso a profesora adicará tempo para atender e resolver as dúbidas do alumnado en relación aos aspectos teóricos e principios metodolóxicos a traballar nesta materia. Ademais, a atención personalizada realizarase durante o horario de titorías que a profesora detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar previamente unha cita ca profesora dentro deste horario e a través do correo electrónico. A profesora non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Nas sesións prácticas correspondentes a profesora adicará tempo para atender e resolver as dúbidas do alumnado en relación ó proxecto a desenvolver nesta materia. Ademais, a atención personalizada realizarase durante o horario de titorías que a profesora detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar previamente unha cita ca profesora dentro deste horario e a través do correo electrónico. A profesora non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido.
Probas	**Descrición**
Simulación ou Role Playing	Nas sesións prácticas correspondentes a profesora adicará tempo para atender e resolver as dúbidas do alumnado en relación a representación dramatizada do seu proxecto. Ademais, a atención personalizada realizarase durante o horario de titorías que a profesora detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar previamente unha cita ca profesora dentro deste horario e a través do correo electrónico. A profesora non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido.
Presentación	Nas sesións prácticas correspondentes a profesora adicará tempo para atender e resolver as dúbidas do alumnado en relación ás presentacións a levar a cabo nesta materia. Ademais, a atención personalizada realizarase durante o horario de titorías que a profesora detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar previamente unha cita ca profesora dentro deste horario e a través do correo electrónico. A profesora non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Participación activa nas aulas e realización de actividades complementarias propostas pola profesora. A mera asistencia non será obxecto de avaliación xa que é requisito imprescindible para realizar a avaliación continua.	10	A1 B2 C42 D1 A2 B3 C43 D2 A3 B4 C51 D3 A4 B5 C53 D4 A5 B7 C61 D6 B8 D7 B11 D8 B12 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22

Aprendizaxe baseado en proxectos	Ao longo do curso, o alumnado deberá elaborar un proxecto que se deberá presentar primeiro por escrito e despois se levará a cabo oralmente nas datas indicadas no inicio do curso. O proxecto será de carácter grupal e nel o alumnado deberá aplicar a teoría e metodoloxía aprendidas ao deseño dunha breve unidade didáctica para a que deberán elixir un dos temas propostos pola profesora. As instrucións para a realización deste traballo estarán detalladas na plataforma de aprendizaxe, e serán explicadas pola profesora ao inicio do curso. Nas aulas a profesora guiará o alumnado para a execución destes proxectos.	15	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C37 C42 C43 C51 C53 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22
Simulación ou Role Playing	Nas últimas sesións do curso o alumnado deberá presentar de forma dramatizada (simulación) unha breve mostra do seu proxecto e as actividades que nel se propoñen para o ensino da lingua estranxeira (inglés) na aula de Educación Infantil. Esta representación se levará a cabo en grupo (mesmo grupo que na realización do traballo escrito), e o resto do alumnado aportará comentarios e críticas constructivas que tamén serán avaliadas pola profesora neste apartado. As instruccións para a dramatización serán explicadas pola profesora ao inicio do curso e estarán dispoñibles en MOOVI.	35	A1 A2 A4 A5	B2 B4 B5 B7 B8 B10 B11 B12	C42 C43 C51 C53 C61	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22
Presentación	Ao longo do curso se realizarán dous tipos de presentacións orais por parte do alumnado, unha de caracter individual e outra en parellas que serán avaliadas pola profesora e en menor medida tamén polo propio alumnado. A actividade individual consistirá na dramatización dun conto ou contacontos (25%), e a actividade en parellas consitirá na creación dun video musical (15%).	40	A1 A2 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B11 B12	C42 C43 C51 C53	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

LINGUAS DE TRABALLO:

A lingua de traballo da materia será principalmente o inglés, aínda que excepcionalmente se poderá empregar o castelán ou o galego. Na avaliación das diferentes probas teranse sempre en conta dúas vertentes: a lingüística (uso e expresión en lingua inglesa) e a de contido.

AVALIACIÓN CONTINUA:

A avaliación da materia será prioritariamente continua. Os traballos (obrigatorios), presentacións (obrigatorias), tarefas, etc. deberán ser realizados nas datas correspondentes establecidas ao inicio do curso e publicadas pola profesora en MOOVI. A avaliación do alumnado de intercambio seguirá exactamente o mesmo procedemento do alumnado da UVigo, sen excepcións. O incumprimento destes requisitos suporá a cancelación deste tipo de avaliación, e o alumnado terá que presentarse a segunda oportunidade de avaliación na convocatoria de xuño/xullo.

Do mesmo xeito, **o uso de tradutores automáticos ou ferramentas de Intelixencia Artificial para a realización dos traballos suporá a inmediata exclusión do grupo da avaliación continua,** debéndose presentar á avaliación da segunda convocatoria nas datas propostas polo centro e recollidas na páxina web da facultade.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso directo da materia na súa totalidade. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

Igualmente, os **uso de tecnoloxías de apoio á aprendizaxe, incluida a Intelixencia Artificial**, debe ser **ético e xusto** para co resto do alumnado e a docente. A docente poderá facer unha **proba de avaliación alternativa a maiores das contempladas nesta guía en caso de sospeita fundada de que algún traballo (oral ou escrito) se teña feito total ou parcialmente usando ferramentas de Intelixencia Artificial** sen telo declarado. Neste sentido, dada a imposibilidade de probar a utilización da IA, a sospeita fundada por parte da docente será condición suficiente como para que a proba suxeita a xuízo se anule e se substitúa pola proba alternativa, que se realizará en data e hora establecida pola docente.

AVALIACIÓN GLOBAL:

Se algunha alumna/o non pode asistir regularmente ás clases e prefire optar por **avaliación global**, deberá **comunicalo á profesora argumentadamente nas primeiras dúas semanas do curso**. Nese caso, será avaliada/o mediante un exame que constará de dúas partes: 1/ a primeira será un **exame escrito** que avaliará os coñecementos teóricos desenvolvidos na materia e a súa aplicación práctica no deseño de actividades de diversa tipoloxía **(75%)** e se realizará na **data proposta polo centro** (www.fcced.webs.uvigo.es); 2/ a segunda será unha **proba oral (25%)** a que **SÓ poderá presentarse o alumnado que supere a proba escrita** e nela se desenvolverán contidos prácticos relacionados coa metodoloxía principal tratada no curso. A proba oral se realizará nunha **data e hora establecida pola profesora dentro do periodo de realización de exames establecido pola Facultade**. É responsabilidade do alumnado estar dispoñible para a a realización desta proba (que en ningún caso poderá coincidir con outro exame oficial) dentro do periodo sinalado para poder realizar a proba oral no caso de superar a proba escrita. Na avaliación das diferentes probas teránse sempre en conta dúas vertentes: a lingüística (uso e expresión en lingua inglesa) e a de contido.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible, o cal se recomenda encarecidamente. Igualmente, o alumnado que non asista ás clases será responsable de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi.

De suspender a avaliación na primeira convocatoria o alumnado deberá examinarse de toda a materia na segunda.

Segunda convocatoria

A segunda convocatoria de xullo poderá presentarse tanto o alumnado que non acadara a puntuación suficiente na evaluación continua como o alumnado que non superase a avaliación única.

Na segunda convocatoria o alumnado será avaliado mediante un exame que constará de dúas partes: 1/ a primeira será un **exame escrito** que avaliará os coñecementos teóricos desenvolvidos na materia e a súa aplicación práctica no deseño de actividades de diversa tipoloxía **(75%)** e se realizará na **data proposta polo centro** (www.fcced.webs.uvigo.es); 2/ a segunda será unha **proba oral (25%)** a que **SÓ poderá presentarse o alumnado que supere a proba escrita** e nela se desenvolverán contidos prácticos relacionados coa metodoloxía principal tratada no curso. A proba oral se realizará nunha **data e hora establecida pola profesora dentro do periodo de realización de exames establecido pola Facultade**. É responsabilidade do alumnado estar dispoñible para a a realización desta proba (que en ningún caso poderá coincidir con outro exame oficial) dentro do periodo sinalado para poder realizar a proba oral no caso de superar a proba escrita. Na avaliación das diferentes probas teránse sempre en conta dúas vertentes: a lingüística (uso e expresión en lingua inglesa) e a de contido.

En todos os casos, A AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE INTERCAMBIO SEGUIRÁ EXACTAMENTE O MESMO PROCEDEMENTO DO ALUMNADO REGULAR DA UVIGO, SEN EXCEPCIÓNS. O ALUMNADO DE INTERCAMBIO DEBE TER EN CONTA QUE ESTA MATERIA NON É MATERIA DE LINGUA INGLESA INSTRUMENTAL, SE NON UNHA MATERIA DE CONTIDO PEDAGÓXICO E DIDÁCTICO SOBRE O ENSINO-APRENDIZAXE DO INGLÉS COMO LINGUA ESTRANXEIRA NA EDUCACIÓN INFANTIL. AS DATAS DE AVALIACIÓN SERÁN TAMÉN AS MESMAS PARA TODO O ALUMNADO: O ALUMNADO DE INTERCAMBIO DEBERÁ ESTAR DISPOÑIBLE PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS E EXAMES NAS DATAS ESTABLECIDAS.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe. É responsabilidade do alumnado acceder regularmente aos contidos da materia e demáis ferramentas da plataforma Moovi.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CHENG THOM, K., **From the Stars in the Sky to the Fish in the Sea**, Arsenal Pulp Press, 2017

KAHSAI, SEARIT, **Self**, Sparkshorts, Pixar Animation Studios, 2024

NEWMAN, LESLÉA, **Heather Has Two Mammies**, Candlewick, 1989

REILLY, V. & S.M. WARD, **Very Young Learners**, O.U.P., 1997

RICHARDS, J. C. & RODGERS, T., **Approaches and Methods in Language Teaching (Chapter 5: Total Physical Response)**, Cambridge University Press, 2001

RUBIO, BOBBY, **Float**, Pixar Animation Studios, 2019

Bibliografía Complementaria

AITKEN, R., **Teaching Tenses**, Nelson, 1992

BESTARD MONROIG, J. & C. PEREZ MARTIN, **La didáctica de la lengua inglesa. Fundamentos lingüísticos y metodológicos**, Síntesis, 1992

BLAINE, RAY and CONTEE, SEELY, **Fluency through TPR storytelling**, Command Performance 7 Language Institute, 2015

BRUMFIT, C. et al. eds, **Teaching English to Children. From Practice to Principle**, Nelson, 1994

CAMERON, L., **Teaching language to young learners**, CUP, 2002

CHARRINGTON, M. & COVILL, Ch., **Daisy, Robin and me! RED A**, O.U.P., 2015

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, **O inglés en infantil. Uhna porta ao plurilingüismo**, Xunta de Galicia, 2009

CONTEE, SEELY and ROMIJN, ELIZABETH, **TPR is more than commands at all levels**, Command Performance Language Institute, 2006

CRANMER, D. & C. LAROY, **Musical Openings. Using Music in the Language Classroom**, Longman, 1992

DUNN, O, **Beginning English with Young Children**, Macmillan, 1983

EQUIPO PYGMALION, **Intersubject Activities. Actividades de inglés en relación con otras áreas**, Narcea,

GRAHAM, CAROLYN, **Creating Chants and Songs**, O.U.P., 2011

HANCOCK, M., **Singing Grammar. Teaching Grammar Through Songs**, C.U.P., 1998

HOLDERNESS, J. & A. HUGHES, **101 Ideas for Children. Topic-based activities**, Heinemann, 1997

LEWIS, GORDON & GÜNTER BEDSON, **Games for Children**, O.U.P., 2010

MOON, JAYNE, **Children Learning English**, Macmillan, 2005

MUR LOPE, O, **Cómo introducir el Inglés en Educación Infantil**, Escuela Española, 1998

MURAO, SANDIE, **Discover with Dex (1, 2, 3, 4, 5)**, Macmillam Education, 2016

PHILLIPS, SARAH, **Young Learners**, O.U.P., 1993

REDMAN, STUART, **Test your English Vocabulary in Use**, CUP., 2006

SLATTERY, MARY; WILLIS, JANE, **English for Primary Teachers**, O.U.P., 2001

WRIGHT, ANDREW, **Creating Stories with Children**, O.U.P., 1997

WRIGHT, ANDREW, **Arts and Crafts with Children**, O.U.P., 2002

WRIGHT, ANDREW, **Storytelling with Children**, Oxford:, O.U.P., 2003

ZARO, JUAN JESÚS & SAGRARIO SALABERRI, **Contando Cuentos**, Heinemann, 1983

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua e literatura: Español/P02G110V01507
Didáctica da expresión plástica e visual/P02G110V01502
Educación física e a súa didáctica na idade infantil/P02G110V01503
Lingua e literatura: Galego/P02G110V01505
Expresión musical e a súa didáctica/P02G110V01504

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma estranxeiro I: Inglés/P02G110V01406
Comunicación: Lingua española/P02G110V01101

Comunicación: Lingua galega/P02G110V01201
Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/P02G110V01205
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos/P02G110V01104
Didáctica da lingua e a literatura infantil/P02G110V01404

Outros comentarios

Recoméndase que o alumnado matriculado teña superado a materia de 2º curso "Idioma estranxeiro: inglés" e/ou que poda comunicarse nun nivel B1 (MCER) en lingua inglesa, que o nivel que se require ó final do Bacharelato para superar a ABAU. Este é o nivel necesario para poder seguir as aulas e para poder desenvolver as tarefas propostas de xeito efectivo. Debe terse en conta que esta non é unha materia de lingua inglesa instrumental e, polo tanto, as diferentes destrezas da competencia lingüística en lingua inglesa non se traballarán nin se avaliarán de forma específica. Sen embargo, a competencia lingüística do alumnado na lingua estranxeira reflectirase directamente na súa capacidade para a comprensión e expresión dos contidos didácticos nos que se basea a materia.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas para entrega de traballos e/ou probas.